

CONVOCATORIA DE VACANTE ORIENTADOR/A LABORAL.

Na Asociación Arraianas precisamos incorporar ao noso equipo de traballo unha persoa con titulación na rama das ciencias sociais para o posto de Orientadora laboral.

FUNCIÓNS DO POSTO

- Acolida e atención ás persoas participantes dos proxectos e programas da entidade.
- Xestión de citas, apertura e actualización de expedientes. Tarefas administrativas, xestión documental, dos rexistros e procesamento da información.
- Intervención individual: entrevistas de diagnose, elaboración de itinerario e compromisos de actuación, entrevistas de seguimento e avaliación.
- Intervención grupal: preparación e realización de sesións informativas e obradoiros de orientación e dereitos laborais.
- Xestión de cursos de formación para participantes dos proxectos de emprego da entidade.
- Elaboración de documentación: deseño de ferramentas de traballo, apertura e actualización de expedientes de empresas. Participación na xustificación e deseño de proxectos de emprego.
- Elaboración de memorias e informes
- Coordinación con técnicos/as de outras entidades e/ou organismos públicos. Coordinación e seguimento con membros do resto do equipo de Arraianas.
- Cumprimento dos requirimentos legais, documentais e de rexistro dos proxectos.
- Acompañamento ao equipo en prácticas e/ou voluntario da entidade.
- Prospección do mercado laboral.
- Sensibilización ao tecido empresarial sobre igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Intermediación na xestión das ofertas de emprego e realización de propostas activas a empresas.

PERFIL

Requisitos mínimos:

- Titulación no eido das ciencias sociais.
- Experiencia en programas de emprego con poboación migrante e/ou en situación ou risco de exclusión social.
- Dominio do inglés e das linguas cooficiais.
- Dominio de ferramentas informática: Word, Excel, Power Point, Bases de Datos, etc.
- Certificación negativa de delitos de natureza sexual.
- Alta sensibilidade, compromiso social e compromiso cos valores da entidade.

Requisitos desexables:

- Formación e experiencia en igualdade e migracións.

- Coñecementos dos servizos sociocomunitarios do Concello de Santiago de Compostela e do sistema de benestar galego.

CONDICIÓNS LABORAIS

- Tipo de Contrato: Temporal ata 31/12/2024.
- Xornada: Completa.
- Remuneración: A establecida para a categoría profesional do Grupo I do Convenio Colectivo Estatal de Acción e Intervención Social.
- Modo recepción de candidaturas: Enviando Currículo e carta de motivación a arraianas@arraianas.org especificando no asunto: ORIENTADOR/A.
- Data límite de recepción de candidaturas: 07/07/2024.